



Boletín de Medio Ambiente



Ruta de Fraga aos Muíños

Concello: Mesía

Características: é unha ruta homologada, PR-G 117 de 15'9 km, cunha dificultade baixa, a súa duración é de aproximadamente 3 horas e media.

Curiosidades: ten catro muíños totalmente restaurados: o Muíño da Ribeira, o Muíño de Queiroa, o Muíño de Batán, e por último está o Muíño da Cubela, o da imaxe. Por Ponte Carballa tamén podemos encontrar o Muíño Grande dos Báltares, que está en ruínas.

Noticias

Nove de cada dez persoas respiran aire contaminado

Sete millóns de persoas falecen por culpa da contaminación cada ano, segundo o último informe da OMS. As principais fontes de contaminación do aire por partículas son o uso ineficiente da enerxía nos fogares, a industria, os sectores da agricultura e o transporte e as centrais eléctricas de carbón.

A OMS calcula que 3.000 millóns de persoas carecen de sistema de cociña mellorada, polo que preparan os seus alimentos queimando materia orgánica, que produce afeccións na saúde, o cal, adoita pasar nas zonas máis pobres como África e Asia. Aínda que tampouco se libran as grandes urbes, as máis contaminadas son Nova Deli, O Cairo, Dacca, Bombai, Pequín, Shanghái, Istambul, Buenos Aires e Sao Paulo.

Fonte: El País - 1 -

Un “atrapanéboas” que fai que conseguir auga do aire sexa posible

Tanto as plantas como os insectos utilizan mecanismos para a obtención de auga do aire proveniente da néboa. Insectos como o escaravello do deserto de Namib, en África, logran sobrevivir grazas á recolección de auga do aire a través de puntos hidrofóbicos nas súas ás, que logo acumulan na súa caparazón.

Este escaravello é o que inspirou á tecnoloxía que o MIT está a desenvolver: consiste en modelos hidrodinámicos que predín a cantidade de néboa e que usan fibras especiais de nanomateriales hidrofóbicos e hidrofílicos.

Fonte: Ecoosfera

Os gañadores dos Premios Goldman 2018

Considerados os Nobel do Medio Ambiente, constan de seis gañadores:

Makoma Lekalakala e Liz McDaid, impediron un acordo nuclear do Goberno de Sudáfrica con Rusia, conseguindo unha histórica vitoria legal ao lograr a súa inconstitucionalidade.

Khanh Nguy Thi, conseguiu que o seu país, Vietnam, deixase de depender do carbón.

Claire Nouvian, conseguiu a prohibición da pesca de arrastre, tanto no seu país, Francia, como no resto da Unión Europea.

Manny Calonzo, logrou que prohibisen a venda de pintura con chumbo en Filipinas. Desde 2017, o 85% do mercado de pinturas certificouse como «libre de chumbo».

Le Ahne Walters, certificou que a auga do seu municipio superaba os niveis de chumbo permitidos e obrigou ao goberno a garantir un acceso seguro á auga potable aos seus residentes.

Francia Márquez, colombiana, organizou unha marcha con 80 mulleres desde a súa cidade ata a capital para solicitar ao Goberno colombiano que detivese a extracción ilegal de ouro.

Fonte: ABC

Resiliencia urbana, o novo salvavidas das cidades

Terremotos, inundacións, furacáns, secas... O Cambio Climático está detrás de moitos destes fenómenos cada vez máis frecuentes. Para combatelos existe a resiliencia urbana, unha forma de construír cidades que lles permite prepararse, resistir e recuperarse de calquera ameaza natural.

Non é tema baladí, segundo Nacións Unidas "o 80% das cidades máis grandes do mundo é vulnerable aos terremotos, o 60% corre o risco de marusías ou tsunamis [...]".

Fonte: El Mundo

Árbores para combater o cambio climático

Cada minuto pérdese no mundo unha superficie forestal equivalente a 36 campos de fútbol. Desde 1990 desaparecieron 129 millóns de hectáreas de bosque, unha extensión maior que Sudáfrica. Nese mesmo período desaparecieron 239 millóns de hectáreas de espazos autóctonos, os de maior riqueza e calidade ambiental.

O Acordo de París, non só trata de reducir as emisións de CO₂, os países tamén se comprometeron coa deforestación cero. Doutra banda, a Unión Europea deu o visto bo a unha normativa comunitaria que persegue aumentar o volume de CO₂ absorbido pola masa forestal para facer fronte ao cambio climático. Os Estados membros terán que garantir que a deforestación sexa compensada coa plantación de árbores.

Neste contexto, a Xunta empregará drones para facer un inventario propio da superficie arbórea e as parcelas abandonadas de Galicia. O servizo solicitará información sobre a masa forestal a fin de realizar inspeccións aéreas que permitan levar un control de pragas, facilitar o labor das empresas do sector e axudar na loita contra o lume, puño da deforestación.

Fonte: La Voz de Galicia

Sabías que...

por cada tonelada de papel que é reciclado evítase que se corten dezasete árbores, non se usen dous barrís de petróleo e evítanse xerar gases contaminantes equivalentes a 27 kg?

Está nas nosas mans reciclar, cada achega conta para o planeta.

A Reserva de Biosfera tramita cinco Espazos Naturais de Interese Local

A Reserva de Biosfera As Mariñas Terras do Mandeo avanza na tramitación de novos espazos protexidos a escala local en colaboración cos concellos. A entidade destaca que durante o pasado ano elaborou a candidatura de ENIL das Brañas de Sada e o Esteiro de Río Baxoi, en Miño.

O territorio que abarca a Reserva de Biosfera dispón de dúas ENIL: Ribeiras do Río Mero-Barcés (en Abegondo) e Río Abelleira (Carral). A entidade e os concellos de Abegondo e Carral están en proceso de redacción dos preceptivos plans de conservación.

Esta declaración de ENIL permite garantir certa protección a estes enclaves e ter acceso ademais a axudas para velar pola súa preservación.

Fonte: La Opinión Coruña

Enerxía azul para a sustentabilidade ambiental

Esta enerxía xorde de aproveitar a diferenza de salinidade entre a auga dos ríos e a do mar. Filtrase o encontro de auga de mar coa de río mediante unha membrana que vai do líquido con maior concentración salina ao de menor e impide a entrada de sedimentos ou partículas que poida haber. A presión osmótica xerada derívase a unha turbina conectada a un xerador para producir electricidade.

A maioría das desembocaduras de ríos do mundo serían localizacións potenciais. Un exemplo é o río Rin, en Holanda, onde xa se canaliza a auga do Mar do Norte e as do río para aproveitar o seu potencial.

Fonte: Levante

Boas Prácticas

A Unión Europea prohíbe tres insecticidas perigosos para as abellas

O comité permanente de Plantas, Alimentación Animal e Alimentos, no que sentan representantes dos 28 Estados membros e a Comisión Europea, apoiou a prohibición do uso ao aire libre de tres pesticidas considerados perigosos para as abellas: clotianidina, imidacloprid e tiametoxam. Desde agora só poderán utilizarse en invernadoiros onde non haxa risco de exposición para as abellas.

O seguinte que debería facer a UE é garantir que estas pesticidas non son substituídos por outros. As abellas e outros polinizadores son vitais para a produción alimentaria: un terzo dos cultivos alimentarios a nivel mundial dependen directamente da polinización natural de abellas e outros animais.

Fonte: El Periódico

Axenda Ambiental

- 03/05/2018 - 06/05/2018 BioCultura Barcelona 2018. Feira Internacional de Produtos Ecolóxicos e Consumo Responsable. Barcelona.
- 03/05/2018 - 06/05/2018 Ciclo "Esperta. O planeta necesítache" 2018. Madrid.
- 04/05/2018 *Reinventing Cities*. Grupo de Liderazgo Climático C40.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal